

## Bases do concurso de “Galicia vota na UE”

A Fundación Galicia Europa, en colaboración coa Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa Unión Europea da Xunta de Galicia, pon en marcha, con motivo das eleccións ao Parlamento Europeo do 26 de maio de 2019, o concurso “Galicia vota na UE”.

Esta iniciativa ten por finalidade animar á sociedade galega, e principalmente á xuventude, a que participe nas eleccións europeas do vindeiro 26 de maio. Nas pasadas eleccións ao Parlamento Europeo, celebradas en 2014, o 73 % dos mozos españois de entre 18 a 24 anos non acudiu a votar.

Así, baixo o lema **#GaliciaVotanaUE**, a Fundación Galicia Europa únese á iniciativa “Esta vez voto” posta en marcha polo Parlamento Europeo, que pretende loitar contra a abstención creando unha comunidade de voluntarios dispostos a promover a importancia do voto e da participación nos próximos comicios europeos.

### Duración

O concurso estará vixente dende a súa publicación o 18 de febreiro ata o 12 de abril, inclusive.

### Como participar?

Para participar no concurso “Galicia vota na UE” tan so hai que publicar, de maneira pública, en Facebook, Twitter ou LinkedIn unha mensaxe, en formato escrito ou audiovisual, na que se explique a importancia de participar nas eleccións europeas do 26 de maio, así coma por qué a UE é importante para ti.

Cada persoa poderá participar con tantas publicacións como desexe, de feito aquela persoa máis activa recibirá un dos tres premios.

Os requisitos para a participación é incluír en cada publicación os *hashtags* #GaliciaVotanaUE e #EstaVezVoto xunto ao enlace: [bit.ly/2RQrbga](http://bit.ly/2RQrbga). Ademais, cada un dos participantes debe, á súa vez, inscribirse no portal da campaña do Parlamento Europeo “Esta vez voto” a través desta [ligazón](#) e seguir o perfil da Fundación Galicia Europa na rede social a través da cal se estea participando.

Serán rexeitados as contribucións que non sexan orixinais, resulten ofensivas, difamatorias ou obscenas ou cuxo obxecto sexa o de promover o voto por unha opción política determinada.

Pódese participar con so texto ou vídeo, con textos acompañados de imaxes, “boomerangs”, debuxos, animacións ou calquera outro formato no que se poidan integrar os elementos previamente citados. O formato de participación terase en conta para elixir o gañador coa contribución máis orixinal e elaborada.

## Premio

O concurso constará de tres premios de 350€, que serán outorgados a:

1. Ao participante que xere máis contidos empregando os hashtags #GaliciaVotanaUE e #EstaVezVoto xunto ao enlace: [bit.ly/2RQrbga](http://bit.ly/2RQrbga)
2. Ao participante que consiga que o seu contido sexa compartido un maior número de veces. Igualmente deben aparecer os hashtags #GaliciaVotanaUE e #EstaVezVoto xunto ao enlace: [bit.ly/2RQrbga](http://bit.ly/2RQrbga)
3. Ao participante que comparta un contido máis elaborado e orixinal empregando os hashtags #GaliciaVotanaUE e #EstaVezVoto xunto ao enlace: [bit.ly/2RQrbga](http://bit.ly/2RQrbga). O gañador desta categoría será seleccionado, entre todos os participantes, por un xurado composto por membros da Xunta de Galicia e da Fundación Galicia Europa.

## Participantes

Poderán participar no sorteo todas aqueles cidadáns da UE maiores de idade.

Non poderán participar empregados nin bolsellos da Fundación Galicia Europa.

Todas as contribucións deben ser orixinais.

## Comunicación do gañador

O gañador/a darase a coñecer durante a segunda semana de maio. A Fundación Galicia Europa contactará, mediante mensaxe privada, cos tres participantes seleccionados para o premio. As persoas contactadas deberán responder nun prazo de tres días. De non ser así entenderase que renuncian ao premio e procederase á selección de outro gañador/a. Se neste caso sucedera o mesmo o premio quedaría deserto.

A comunicación definitiva dos gañadores farase pública na páxina web da Fundación Galicia Europa.

## Protección de datos

Os datos persoais dos concursantes só se utilizarán para os usos que se establezan neste certame e trataranse segundo o disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos.

A Fundación Galicia Europa resérvase o dereito a realizar calquera modificación que sexa necesaria para o bo funcionamento do concurso.